

Expediente IET: P-21-868  
Proxecto: Parque eólico O Sobredo  
Concello: Arbo (Pontevedra)  
Promotor: Parque eólico O Sobredo, S.L.

## INFORME DE IMPACTO E INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA

De acordo co artigo 37.1 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, e co artigo 11.3 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, con data do 12/09/2022 o Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, somete a informe do Instituto de Estudos do Territorio (IET) documentación relativa ao proxecto Parque eólico O Sobredo.

### 1. Antecedentes:

Con datas do 19/01/2022 e 20/06/2022, o IET emitiu informes sobre este proxecto no marco do procedemento de avaliación de impacto ambiental ordinaria.

De forma simultánea estase a tramitar o proxecto de interese autonómico, sobre o cal o IET emite informe nesta mesma data.

### 2. Marco legal:

Consonte co artigo 15 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, e co artigo 28 do Decreto 244/2011, do 29 de decembro (modificado polo Decreto 42/2019, do 28 de marzo), o Instituto de Estudos do Territorio (IET) é o órgano competente para emitir este informe en materia de paisaxe, de acordo co que para tal efecto establecen os artigos 32 e 33 do Regulamento para o desenvolvemento da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, aprobado polo Decreto 96/2020, do 29 de maio (RLPPG).

En desenvolvemento da Lei 7/2008 aprobáronse o Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo) e as Directrices de paisaxe de Galicia (Decreto 238/2020, do 29 de decembro).

De acordo co artigo 11.1 da Lei 7/2008, todos os proxectos que deban someterse a declaración de impacto ambiental deberán incorporar no estudo de impacto ambiental un estudo de impacto e integración paisaxística (EIIP), como documento específico no que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas. O contido do EIIP debe axustarse ao disposto no artigo 11.2 da Lei 7/2008 e nos artigos 26 e seguintes do RLPPG.

### 3. Informe:

A documentación que se somete a informe consiste nun escrito de resposta da empresa promotora ao informe do IET do 20/06/2022. No escrito avalíanse distintas propostas de desprazamento do aeroxerador AE-03 para minimizar o impacto sobre os afloramentos rochosos, argumentando que tales solucións resultan inviables tecnicamente en relación ao aproveitamento do recurso eólico, ademais de afectar a unha torre de vixilancia de incendios localizada nas proximidades e producir un maior impacto sobre as formacións rochosas. Porén, non se inclúe un estudo coa identificación destes elementos naturais mediante



fotografías a pé de campo nin información detallada da afección como se tiña requirido nos anteriores informes deste organismo, particularmente no de data do 20/06/2022; aspecto que debe ser emendado.

As argumentacións manifestadas pola empresa son admisibles en xeral, se ben as explicacións deberanse completar cunha análise topográfica máis concreta en referencia ás diferencias de cota que se aluden, toda vez que á vista da información dispoñible non parece existir unha diferenza de cota elevada nos terreos ao norte e nordés da actual posición do AE-03; e posto que eses datos son relevantes para motivar que non existe unha alternativa viable de emprazamento para a máquina. En canto á problemática aludida das perturbacións do réxime laminar do vento na área máis próxima á meseta no actual emprazamento, non se especifica se existe a posibilidade de adaptar as dimensións do aeroxerador para evitar tales efectos. Tamén deberase estudar a posibilidade de cambios no deseño das plataformas de montaxe e acopios asociadas ao aeroxerador, como medidas para evitar as afeccións sobre os afloramentos.

Por conseguinte, deberase emendar o EIIP do proxecto coas consideracións que se formulan neste punto. O documento elaborado deberá someterse a un novo informe do IET.

José Luís Álvarez Vicente  
Xefe do Servizo de Planificación da Paisaxe

José Antonio Serantes Barbeito  
Director do Departamento Técnico de Estudos

Visto e conforme, Enrique Luís de Salvador Sánchez  
Director do Instituto de Estudos do Territorio

(Na data da sinatura electrónica)

